

BASES CONCURSO DE CONTOS 2013.

PRIMEIRA: O presente concurso denominase: “OS CONTOS QUE CONTAN” relatos curtos.

SEGUNDA:

Poderán concorrer a este certame, calquera afeccionado que non sexa profesional nin teña publicado individualmente ningún traballo literario, e que estea empadroado no Concello de Barro.

TERCEIRA:

Os traballos compre que sexan orixinais e inéditos, en lingua galega e terán unha extensión mínima de:

- Para @s rapaces/as de entre 3 e 5 anos, imprescindible que realicen alomenos 5 ilustracións que contén unha historia.
- Para @s mozos/as de primaria o extensión non superará dúas follas, tendo en conta que deberá ter estrutura de conto, sendo requisito imprescindible que se acompañen de ilustracións e se presenten no formato facilitado pola organización.
- Para @s mozos/as de secundaria, a extensión e formato non superará unha folla.
- Para @s persoas a partir de 17, os traballos terán unha extensión e formato dunha folla, sendo requisito imprescindible que presenten os taballos a ordenador.

CUARTA:

Estes agasallos deberán recollelos o día da entrega de premios que se publicitará cos gañadores o día seguinte a reunión do xurado.

1. Infantil: Pequeno agasallo a tódolos participantes
2. 1 Ciclo de primaria: Material escolar ou deportivo.
3. 2 Ciclo de Primaria: Material escolar ou deportivo.
4. 3 Ciclo de primaria: Material escolar ou deportivo.
5. 1 Ciclo de secundaria: Material escolar ou deportivo.
6. 2 Ciclo de secundaria: Material escolar ou deportivo.
7. Mais de 17 : Material escolar ou deportivo.

QUINTA:

O prazo de presentación dos traballos rematará as 21:00 horas do **venres 10 de maio** de 2013

SEXTA:

Os orixinais presentaranse na OMIX do Concello de Barro.

Terán que remitirse nun sobre, no que se indique na súa parte exterior a idade. Consignarase o nome do autor, o seu enderezo postal e o teléfono na parte posterior da última folla da súa obra. A remisión farase á OMIX de Barro (Santo

Antoniño- Perdecanaí nº 8 36194 Barro) ; indicando no sobre: PARA O CERTAME “OS CONTOS QUE CONTAN” contos curtos 2013.

Durante a semana da conmemoración das LETRAS GALEGAS, realizaremos a lectura e exposición dos contos.

SÉTIMA:

O Xurado fará público o seu fallo o día no que se falle o premio; o mércores 15 de maio. Os autores comprométese a acudir ao Salón de Actos da Biblioteca onde realizaremos un acto de entrega de premios, o xoves 16 de maio.

OITAVA:

A concesión do premio non implicará a perda dos dereitos do autor do traballo premiado. Nembargantes o Concello de Barro reservarase o dereito de publicar total ou parcialmente os traballos premiados.

NOVENA:

Os traballos presentados poderanse retirar polos seus autores, previa acreditación da súa pertenza. O prazo para retiralos caducará os 2 meses de fallado o premio. Non responsabilizándose da perda fortuíta dalgún orixinal.

DÉCIMA:

A participación neste concurso implica a aceptación destas bases, e polo demais, o que non este previsto, estará ó que determinen os membros do xurado.

UNDÉCIMA:

Se os traballos presentados, non reuniran a suficiente calidade, a proposta do xurado, poderá declararse deserto o premio.

DUODÉCIMA:

O Xurado estará formado por:

- Departamentos de lingua e literatura Castela e departamento de lingua e literatura galega do I.E.S de Barro ou persoa en quen delegue.
- 2 profesores do Colexio Público Amor Ruibal Titor
- Actuando como secretaria, a informadora xuvenil do Concello de Barro.

Barro, 8 de abril de 2013

O Alcalde Presidente do Concello de Barro

Asdo.: José Antonio Landín Eirín